

PLAN TIC

CEIP PLURILINGÜE A LAXE



PLAN TIC

A integración das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) vai moito máis aló do mero feito de acercar as máquinas ás aulas ou aos alumnos. A integración ou “implantación total” pasa por sistematizar o seu uso, por deseñar e implementar proxectos curriculares nos que as TIC estean presentes.

O presente plan elabórase coa finalidade de que o alumnado, ao remataren a Educación Primaria, acadade unha competencia dixital consistente en dispoñer de habilidades para buscar, procesar e comunicar información e para transformala en coñecemento.

Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das TIC como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

A creación do plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación no centro e na aula, implica a participación activa de todo o equipo docente.

Unha vez aprobado, incluírase no P.E. e se incorporará á Programación Xeral Anual do centro e a súa avaliación, na Memoria Anual.

2.-PAUTAS DE SEGUIMIENTO E COORDINACIÓN

Coa finalidade de avaliar o presente plan e determinar, se é o caso, aspectos de mellora, cada trimestre e ao final de curso tratarase dito aspecto na Comisión de Coordinación Pedagóxica. O presidente da mesma: Dona María PazLópez, exercerá de Coordinador Xeral dos Medios Tecnolóxicos.

Como coordinador dinamizará, potenciará e supervisará os seguintes aspectos:

Xestións e seguimento das reparacións dos equipos informáticos e posta en marcha do novo equipamento.

Instalación de programas.

Mantemento básico dos equipos informáticos.

Coordinación dos distintos grupos de traballo na aula de informática.

Asesoramento sobre o manexo dos medios informáticos e programas concretos.

Estudo dos novos programas e propostas de utilización.

Colaborar cos pais e nais na organización das actividades de informática que xurdan no centro.

3.-CARACTERÍSTICAS DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

3.1.-CONTEXTUALIZACIÓN: CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.

As características do CEIP Plurilingüe A Laxe no momento da elaboración do plan TIC e que poden resultar significativas para contextualizar esta experiencia, son as seguintes:

Centro de titularidad pública con catro unidades en catálogo: 1 unidade de educación infantil e 3 de educación primaria.

Plantilla docente: 8 profesores, 2 profesores itinerantes e 1 coidador.

Situación administrativa:

o A directora atópase destinado no centro en comisión de servizos.

o 6 mestres con destino definitivo.

o 1 mestra de relixión católica con destino definitivo e compartida con outro centro.

Postos de traballo:

1 de educación infantil.

2 de educación primaria.

1 especialistas: P.T. (realizando as funcións de dirección), inglés, educación musical (compartindo titoría) e educación física.

1 profesora de relixión católica compartida con outros centros.

1 coidador a tempo completo.

1 orientador/a compartido/a co centro base no CEIP Juan de Lángara.

1 mestra compartida de Audición e Linguaxe co CEIP Juan de Lángara e CEIP Pazos.

Cargos directivos e de coordinación: 1 directora, 1 coordinador/a en infantil, 1 coordinador do equipo de dinamización da lingua galega e 1 xefa do equipo de actividades complementarias e extraescolares.

Número de alumnos: cincuenta e un

Peculiaridades do alumnado:

o Ningún alumno estranxeiro.

o En torno a un 20% de alumnos con NEAE.

Tipo de centro: situado en área rural dentro do concello de Ferrol.

3.2.-INICIATIVAS XA REALIZADAS

No presente curso cada titor/a encargárase de asistir co seu grupo de alumnos á aula de informática,

a .lo menos unha vez por semana, de cara a desenvolver a competencia dixital.

4.-OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS

4.1.-OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO EN RELACIÓN ÁS TIC

Potenciar o emprego da informática como ferramenta de traballo no proceso de ensinanza-

aprendizaxe, utilizándoa de forma activa por parte do alumnado.

Favorecer o seu emprego, por parte do profesorado, nas tarefas xerais do Centro: programacións, memorias, plans, actividades...

Impulsar a comunicación con outros centros a través de Internet a fin de coñecer e transmitir valores sociais e de respecto a outras formas de vida e costumes.

Facilitar a busca de información e a depuración crítica da mesma, como forma de coñecer o mundo de Internet e as súas posibilidades de acceso á información útil.

Fomentar a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a Comunidade Educativa.

Familiarizar ao alumno co medio informático e as novas tecnoloxías.

Aumentar a motivación interna que no alumnado esperta o entorno multimedia para consolidar as aprendizaxes de forma profunda aproveitando o interese intelectual que ofrecen as tecnoloxías da información e da comunicación.

Converter Internet nunha ferramenta educativa posta ao servizo da aprendizaxe do noso alumnado.

Coordinar a acción do profesorado das distintas áreas e materias en relación ao traballo coas TIC.

Facilitar o acceso a esta ferramenta por parte do alumnado con necesidades especiais de apoio educativo e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.

Fornecer ao alumnado estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das TIC.

Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.

Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.

Consultar e obter información a través das TIC tanto de temas profesionais como de experiencias interesantes para as actividades docentes.

Utilizar as TIC como un recurso fundamental para garantir a adquisición das competencias básicas do currículo.

Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.

Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as TIC.

Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas..., en diversas redes de colaboración como a de internet.

Lograr a integración das TIC como medio dinámico de comunicación de maneira que se constituán nun elemento común de información e de contacto con todos os axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles.

Poñer en marcha mecanismos para aproveitar as infraestruturas tecnolóxicas e favorecer a adquisición, por parte de nais e pais, dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso das TIC.

4.2.-OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O ALUMNADO.

Utilizar programas e entornos que faciliten a súa aprendizaxe e favorezan a adquisición de habilidades, destrezas e coñecementos.

Potenciar a comunicación con outros compañeiros e compañeiras do seu entorno ou de fóra do seu entorno.

Esportar o interese e darlle pautas para acceder á información precisa potenciando o seu razoamento e o seu afán de coñecemento.

Empregar o ordenador como medio de creación, de integración, de potenciación de valores sociais e de expresión das ideas de cada quen.

4.3.-OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O PROFESORADO.

Utilizar as TIC como medio para perfeccionar a actividade docente a través do seu emprego, da información que delas poida sacar e do plantexamento pedagóxico que para elas teña.

Empregar os ordenadores para o traballo cotián e as actividades de aula: programacións, actividades, controis, fichas...

Saber consultar información a través do ordenador, tanto de temas profesionais: concursos, cursiños de formación, convocatorias..., como de temas interesantes cara a súa actividade docente.

Intercambiar experiencias, coñecementos, actividades, e/ou participar en tertulias, debates e chats a través de Internet.

Favorecer os foros, os intercambios de información, a participación na creación e valoración de páxinas web ou páxinas de información e debate do Centro e da Comunidade Educativa, para dar a coñecer as nosas inquedanzas, ideas e alternativas.

4.4.-OBXECTIVOS PARA O CONXUNTO DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

Potenciar a comunicación coa Comunidade Educativa e o seu entorno a través da páxina web do Centro e o seu correo electrónico.

Manterse informado de todo o que concirna a leis, ordes, decretos, información educativa e normativa, así como no referente a convocatorias, competencias e demais temas lexislativos publicados a través da Xunta de Galicia, ou no BOE.

Potenciar actividades de participación de toda a Comunidade Educativa: Xornal Escolar, Páxina web, Magosto, Festival de Nadal, Entroido, Letras Galegas...

Intensificar o emprego das TIC coa finalidade de unificar todos os documentos do Centro e todas as informacións co mesmo formato, potenciando o correo electrónico como medio de contactar coas familias, ben como medio de notificación de incidencias ou como simple medio de comunicación vivo e activo.

5.-METODOLOXÍA NO TRABALLO COAS TIC.

Traballar co ordenador supón unha preparación e unha planificación. Para isto ten que existir unha

programación que, como todas, será todo o flexible posible e, consecuentemente, modificable cando

sexa preciso para facilitarnos o traballo dun curso para outro permitíndonos manter unha liña e melloralala pouco a pouco. Como iso non é suficiente, farase preciso unha preparación das diferentes

sesións de xeito máis concreto, o que afrontaremos de diferentes modos en función das disponibilidades e necesidades do centro e do profesor.

5.1.-ASPECTOS DE USO XERAL

Concretar as ideas xerais a ter en conta para intervir co alumnado nos ordenadores.

Concretar o punto de partida no uso da informática: como iniciar o emprego do rato, como

introducir o teclado, onde empezar a inculcarlles a autonomía do emprego do ordenador

(poñer en marcha, iniciar programas e pechalos, pechar o ordenador...).

Establecer unhas pautas básicas de orde e limpeza do material e da aula de informática.

Deberemos establecer as seguintes premisas básicas que poden ser a clave do éxito cando nos decidimos a manexar os ordenadores co alumnado:

5.1.1.-ANTES DE IR AO ORDENADOR

Non ter presa e non ir de calquera xeito.

Observar ben os programas e contidos que traballan.

Coller confianza.

Planificar a actividade.

Prever as actividades a realizar.

Planificar as sesións.

Integrar o traballo con ordenadores dentro da programación do curso e dos contidos a traballar nel.

Enmarcar o traballo informático, sempre que poidamos, dentro dunha actividades máis ampla.

5.1.2.-CO ORDENADOR

Presenza directa do profesor: será maior canto máis pequenos sexan os alumnos.

A clase estará máis dirixida e máis controlada canto máis pequenos.

Pouco a pouco ir dando iniciativa e máis autonomía.

Nas primeiras sesións perder tempo ao principio para:

o Emprego do rato e funcións dos botóns.

o Ordenador: encender, apagar, tapar, coidar...

o Discos: posición correcta ao introducilos.

O Teclear correctamente.

O Emprego do rato e funcións dos botóns.

Seguir sempre as seguintes pautas:

- Acudir á aula de informática con lápis e papel (é importante traballar tamén en papel). Como é lóxico, dependerá das idades do alumnado.
- Deixarlles o máis claro posible o que pretendemos xa sexa mediante explicacións iniciais e traballo posterior ou follas de traballo coa pormenorización do traballo que se vai facer.
- Acostumbrar ao alumnado, desde o principio, a respectar o material, recoller

ao final de cada sesión e manter limpo o ordenador e os periféricos.

5.1.3.-DESPOIS DE EMPREGAR O ORDENADOR

Algunha anotación: que fixemos, aspectos interesantes, modificacións para o seguinte día,

problemas atopados, comentarios...

6.-ACTIVIDADES

6.1.-ACTIVIDADES XERAIS

Encender e apagar os ordenadores.

Planificar as sesións de emprego da aula de informática por parte dos diferentes cursos.

Fornecer recursos educativos aos diferentes niveis.

Instalar e desinstalar os programas necesarios para cada sesión.

Facilitar o uso cotián das ferramentas informáticas ao conxunto dos profesores do centro.

6.2.-ACTIVIDADES CONCRETAS QUE SE APLICARÁN EDUCACIÓN INFANTIL

Identificación das partes do equipo que o alumno vai empregar:

Carteliños feitos polos alumnos con cores, en Word, a pegar en cada compoñente do equipo.

Follas plastificadas tamaño folio con debuxos de cada compoñente pero cortadas a modo de puzles (de menor a maior número de pezas).

Colocar un gomet de cor verde no botón de encendido para que os alumnos saiban encender o ordenador.

Decorar o ordenador con fichas pintadas por eles (cartolinas) tamaño A3 para colocar arredor do monitor coas estacións do ano ou outros motivos.

Colocar un gomet verde no botón esquerdo do rato e outro vermello no dereito para indicarlles cando e que botón empregar nas diferentes aplicacións.

Ensinar a apagar o ordenador.

Ubicar as vogais e consoantes tratadas na aula, no teclado.

Outras que se estimen oportunas.

Funcionamento e normas básicas de manexo:

Colgaranse carteis tipo comic coas normas de emprego.

Farase fincapé na correcta utilización e manexo do mesmo.

Aplicación de programas educativos:

Apartado libre para a utilización do mestre de acordo cos criterios que estime oportunos. Entre as consideradas suxerentes estarían as seguintes: Aplicacións Clic. Matemáticas con Pipo, Teletubbies...

Visita dalgunhas páxinas web de interese:

A discreción do mestre. Indícanse algunhas suxerencias que, obviamente, pódense ampliar dependendo das casuísticas que xurdan: www.pipoclub.com, www.internen.es, www.pequenet.com

Con asiduidade visitarase a páxina de contidos educativos do portal da Consellería de

Educación. <http://www.edu.xunta.es/contidos/>

Práctica de chat con rapaces doutras localidades:

Instalarase o programa Skype e informarse sobre o seu emprego básico. Nestas idades empregárase o micro e a cámara web como formas idóneas de comunicación.

PRIMEIRO E SEGUNDO DE PRIMARIA

Aplicación de programas de interese curricular de apoio ás destrezas e coñecementos propios do nivel.

O emprego das aplicacións estará en función da programación de aula do mestre, quen estimará o oportuno da súa inclusión no momento que así o determine. Como suxestións poderíamos traballar coas seguintes: Aplicacións Clic, outros...

Familiarizarse co emprego de internet.

Visitar páxinas web de interese a partir da motivación do alumnado.

Confeccionarase unha taboa coas aportacións das direccións visitadas.

Creación de hipervínculos nas carpetas do alumnado que lles permita acceder as webs.

Busca de información, a proposta do mestre, e en internet, mediante buscadores coñecidos

como pode ser Google iniciando así o seu emprego e manexo.

Copiar e pegar fotos ou textos de internet en follas Word para o deseño de traballos, consulta, etc.

Outros.

Redacción, envío e lectura de mensaxes breves por correo electrónico.

Enviar e-mails a outros centros.

Dar a cada alumno o seu e-mail e aprender a escribir unha mensaxe sinxela e envíala.

Curiosidade polas diferentes posibilidades que nos ofrece o ordenador.

Entregaranse follas de observación e valoración para engadir suxestións, eliminar contidos

que se consideren pouco oportunos e facer un seguimento de cada alumno.

TERCEIRO E CUARTO DE PRIMARIA

Aplicación de programas informáticos de interese curricular que desenvolvan contidos propios do nivel: lectura, creación de textos, idioma, cálculo, música...

O emprego das aplicacións que se adxuntan está en función da programación de aula do

mestre quen estimará o oportuno da súa inclusión no momento que así o determine. Como

suxestións poderíamos traballar coas seguintes: Aplicacións Clic, outros...

Familiarización co emprego de internet e o seu aproveitamento: navegación, emprego dos botóns “adiante-atrás”... gardar páxinas interesantes en favoritos, acceder ás webs gardadas.

Proporase aos alumnos un ou varios traballos relacionados con aspectos do currículo traballado na clase ou sobre algún tema de actualidade que suscite o seu interese e se considere oportuno. Os alumnos buscarán en internet, mediante os buscadores xa traballados, entradas referentes para cumprimentar traballos de investigación.

Ao mesmo tempo explicaráselles a función dos botóns “adiante-atrás”, gardar as páxinas de

interese en favoritos así como a relación das páxinas web a empregar mediante o navegador

Internet Explorer.

Os alumnos accederán á páxina web do centro que completarán con aportacións propias.

Valoración crítica das TIC como ferramenta de comunicación e información.

Os alumnos contarán as súas impresións mediante a elaboración de xornais dixitais, traballos dixitais, etc.

Entregaranse follas de observación e valoración para engadir suxestións, eliminar contidos

que se consideren pouco oportunos e facer un seguimento de cada alumno.

QUINTO E SEXTO DE PRIMARIA

Aplicación de programas de interese curricular para os dous cursos: gramática, literatura, resolución de problemas, xeografía, cálculo...

O emprego das aplicacións que se adxuntan está en función da programación de aula do

mestre quen estimará o oportuno da súa inclusión no momento que así o determine. Comosuxerencias poderíamos traballar coas seguintes: Aplicacións Clic, Matemanía 3, Xeografía con Pipo, Enciclopedia Encarta e outras similares, Esqueleto en 3 D, outros...

Iniciación ao emprego do procesador de textos.

Motivarase o traballo co procesador de textos mediante a confección dun traballo entre todos os alumnos que consista en ir explicando aos demais, en pequenas sesións, o emprego e manexo dos diferentes comandos como:

o Abrir e pechar o programas, gardar, cortar, copiar, pegar, imprimir, cambiar
tamaños da fonte, cor, tipos de fonte, tabulacións, negritas...

o Elaboración de traballos como cartas, contos, poemas para ser expostos, colgar da
páxina web ou mandar por correo electrónico...

Iniciación á organización de arquivos en Windows: crear unha carpeta, crear un arquivo, buscar e abrir arquivos existentes...

Motivarase o traballo co manexo do entorno Windows mediante a confección dun traballo

entre todos os alumnos que consista en ir explicando, en pequenas sesións, o emprego dos diferentes comandos:

PLAN TIC

- o Encender-apagar.
- o Crear unha carpeta persoal.
- o Crear e eliminar arquivos.
- o Gardar arquivos.
- o Crear e empregar accesos directos.
- o Empregar axudas.
- o Cambiar fondos e resolucións de pantalla.
- o Outros.

Iniciación aos programas de debuxo.

Debuxar con Paint ou CorelDraw e aprender o manexo dos comandos principais e das barras de ferramentas: copiar, duplicar, pincel, brocha...

Trasladar mediante “copiar-pegar” un debuxo realizado, a un documento Word.

Enviar correos electrónicos con arquivos adxuntos e xestionar unha libreta de direccións.

Enviar e-mails a outros centros.

Dar a cada alumno o seu e-mail e aprender a escribir unha mensaxe sinxela e envíala con algún arquivo adxunto.

Facer intercambio de e-mails con alumnos da súa mesma idade.

Xestión da libreta de direccións. Traballaranse aspectos como: agregar ou quitar contactos,

engadir características de cada contacto, etc.

Valoración crítica das TIC como ferramenta de traballo.

Os alumnos contarán as súas impresións mediante a elaboración de xornais dixitais, traballos dixitais, blogs, etc.

Entregaranse follas de observación e valoración para engadir suxestións, eliminar contidos

que se consideren pouco oportunos e facer un seguimento de cada alumno.

Implicaranse na elaboración ou actualización da páxina web do centro.

7.-NIVEIS COMPETENCIAIS EN HABILIDADES INFORMÁTICAS

As habilidades no manexo dos ordenadores por parte dos nosos alumnos, deben ser consecuencia do

traballo con eles, non o obxectivo a acadar. Non obstante serán unhas habilidades que interesará

observar e alcanzar para que o traballo co recurso informático poida progresar e dar mellores froitos.

A táboa que segue non pretende ser máis cunha orientación sobre o progreso que podemos obter. En

cada nivel se expresan as competencias posibles, considerando acadadas as que se se indican nos

niveis previos.

EDUCACIÓN INFANTIL	
Manexo do Rato.	Forma correcta e cómoda de usalo. Movemento. Pulsar botón esquerdo para seleccionar e executar accións. Pulsar e arrastrar para mover elementos. Doble clic para executar accesos directos do escritorio.
Manexo do teclado .	Uso de cursores para moverse pola pantalla. Uso de teclas concretas marcadas con "gometts".
Programas.	Selección de iconas do escritorio para executar programas. Uso de programas sinxelos nos que se faga selección co rato e co teclado.
Usuario.	Acender e apagar o ordenador "correctamente".
PRIMEIRO E SEGUNDO DE PRIMARIA	
Uso do teclado.	Localización das letras. Escritura para completar actividades dalgúns programas. Uso da tecla "Intro" para executar accións. A tecla "Mai" para obter letras maiúsculas.
Programas.	Busca de enlaces no Menú Inicio-Programas... Uso de programas con diferentes niveis e/ou alternativas.
Usuario .	Buscar aplicacións a través do Menú Inicio-Programas...
TERCEIRO E CUARTO DE PRIMARIA	
Manexo	Botón dereito para obter propiedades.
Do rato	Uso completo do rato.

Manexo do de escritura escritura Localización de todas as letras e aumento da velocidade de escritura
 Obtención de símbolos incluídos no teclado.
 Uso de la tecla "AltGr".

Programas Procesador de textos sinxelo. Selección de fontes e tamaños.
 Programa de debuxo simple, como por exemplo PAINT, para facer uns primeiros trazos.
 Navegación en Internet en páxinas propostas polo profesor mediante enlaces postos nun documento ou no escritorio.
 Uso simple do correo electrónico. "Correo Novo" con dirección e asunto e "Respostar".
 Participación en chat's seguindo unas normas básicas de funcionamento.
 Programas educativos de case calquera tipo.

Usuario. Manipular correctamente un pendriver, un CD...
 Abrir arquivos xa existentes no cartafol "Os meus documentos" ou nun CD ou pendriver.
 Gardar arquivos no mesmo cartafol ou nun pendriver.
 Crear un novo cartafol en "Os meus documentos" para gardar e abrir arquivos propios ou do nivel.
 Escanear imaxes "sen modificar opcións de escaneado".
 Coñecemento do vocabulario técnico que designa aos elementos cos que traballaremos regularmente.

QUINTO E SEXTO DE PRIMARIA

Manexo do os traballos. Uso completo do teclado incluíndo algúns "atallos" para facilitar Traballos.

Programas Procesador de textos con formato de fontes, parágrafo e inclusión de gráficos.
 Pode ser Word.
 Copiar, cortar e pegar fragmentos de texto.
 Uso do Word-Art (no caso de Word).
Programas Manexo sinxelo dun programa de deseño e/ou retoque fotográfico, con modificación do tamaño da imaxe e realización de recortes e efectos.

Navegación en Internet.
Uso do correo electrónico con arquivos adxuntos.
Descompresión e compresión de arquivos.
Elaboración de páxinas web sinxelas. (con FrontPage).
Emprego dun programa de edición como Publisher.
Uso do chat.

Usuario. Obtención dunha conta de correo electrónica propia. Uso dos buscadores en Internet. Organizar favoritos.

Xestionar cartafols e arquivos tanto nun disquete, pendriver, CD ou no disco duro.

Escaneado de imaxes e modificación das opcións pertinentes.

Manexo simple dunha cámara dixital.

Recoñecemento das partes dun ordenador e os seus periféricos así como as funcións e propiedades básicas dos mesmos.

8.-ESTRATEGIAS DE COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN DO PROFESORADO DAS DISTINTAS ÁREAS E NIVEIS.

8.1.-O COORDINADOR

A figura de alguén que coordine e motive o traballo coas TIC resulta obvia e necesaria.

Existirá un coordinador xeral (tal como se especifica no punto dous) que se encargará da infraestrutura e da dinamización xeral, e un coordinador por cada equipo docente en primaria e por cada ciclo en infantil que será o que centralice as actividades e os programas de cada curso e coordinará a programación a realizar.

O coordinador xeral terá as seguintes misións:

Ordenar o material e clasificalo.

Realizar pequenos arranxos no hardware ou solicitar axuda á UAC.

Supervisar a instalación, configuración e desinstalación do software educativo.

Servir de enlace co asesor TIC.

Estar ao día dos traballos doutros centros.

Revisar e dar a coñecer aos compañeiros novos programas.

Promover a realización de actividades intercentros.

Planificar e organizar as actividades xerais.

Motivar e facilitar o traballo dos demais compañeiros.

Asesorar ao profesorado sobre materias curriculares en soportes multimedia, a súa utilización e estratexias de incorporación á programación didáctica.

Participar nas reunións e debates en relación coas TIC.

Axudar na elaboración de actividades para o alumnado.

Realizar a análise das necesidades de formación, materiais curriculares e equipamento do centro en referencia ás tecnoloxías da información e a comunicación.

Coordinar a elaboración e posta en práctica do plan para a integración das TIC no currículo das diferentes áreas.

Elaborar propostas para a organización e xestión dos medios e recursos do centro, manténdoo operativos e actualizados.

8.2.-TIPOS DE ORGANIZACIÓN DO PROFESORADO QUE UTILIZA AS TIC COS ALUMNOS.

Ante todo, intentaremos involucrarnos todo o claustro na introdución das ferramentas informáticas

nas aulas. Unha actuación conxunta e coordinada dará froitos máis satisfactorios para todos nun prazo de tempo máis breve. Os recursos tecnolóxicos deben chegar a todas as áreas.

8.2.1.-O TITOR.

Será o que se encargue de impartir as horas TIC da súa clase, co cal redundará no coñecemento dos

alumnos, no coñecemento da materia a impartir e no aproveitamento dos tempos, pois se pode acudir á hora e nos momentos precisos nos que se están traballando os contidos.

Damos por sentado que non todos os titores están dispostos a acudir á aula de informática nin todos se implican igual nin dispoñen do mesmo nivel de formación e interese.

De todos os xeitos, e de cara a unha integración real das TIC na aula, é preciso que se involucre ao

conxunto do claustro neste proceso. Temos que facer, do uso dos medios informáticos, unha tarefa

común e un reto colectivo, polo que será preciso aunar esforzos para que pase a ser unha actividade normalizada nas nosas aulas.

9.-UTILIZACIÓN E APROVEITAMENTO DOS RECURSOS EXISTENTES

O plan, como é de prever, precisa dunha serie de recursos mínimos necesarios para o seu desenvolvemento:

Recursos materiais:

o O centro conta nos espazos administrativos con 1 pc en dirección conectado en rede para aproveitar recursos compartidos, 3 na sala de profesores, 1 na aula de Educación Infantil, 1 na aula de Pedagogía Terapéutica e 1 na biblioteca. Así mesmo, contamos con 5 ordenadores portátiles que empregamos para distintas actividades e, polo tanto, non teñen unha ubicación predefinida.

o A aula de Educación Infantil, así como as aulas de primaria, contan con lousas dixitais.

o Os espazos administrativos, a biblioteca, a sala de mestres, as aulas de primaria e

a aula de PT, dispoñen de conexións cableadas; o resto dos espazos do centro contan con conexión a través dunha rede sen fíos.

o A aula de informática conta con 11 ordenadores unidos a unha rede por switch e este a un router.

A rede está ben estruturada en estrela e é totalmente nova. Todos os ordenadores teñen acceso a Internet.

Mediante o desenvolvemento deste Plan pretendemos utilizar as TIC como "mediadoras" no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Para elo plantexámonos levar a cabo unha integración total das TIC na docencia tomando como punto de partida a experiencia institucional neste ámbito e establecendo unhas condicións previas que resulten favorables.

Así mesmo, temos que ser conscientes de que o traballo curricular colaborativo arredor das TIC, leva implícito, en consecuencia, un perfeccionamento profesional e unha mellora aplicable a todos os ámbitos.

Recursos humanos:

o Todo o Claustro.

10.-ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS DO CENTRO.

A situación física dos ordenadores tamén é importante e temos que ter en conta unha serie de

factores:

10.1.-SALA DE ORDENADORES.

Existe unha única aula de informática no Centro e alí acuden todos os alumnos. É unha opción que

obriga a ter un horario e a respectalo, a deixar todo ordenado e os programas ben localizados e

clasificados.

A ubicación da mesa do profesor fai posible unha comunicación aceptable co alumnado e, polo tanto, facilita a atención ante calquera explicación que se considere precisa.

10.2.-UN ORDENADOR EN CADA AULA.

A nosa intención e a de poder dispor, nun breve prazo, dun ordenador en cada aula do centro. Con

respecto ás intervencións do alumnado podemos empregar unha “Pedagogía do rincón do ordenador”.

Neste suposto todos os alumnos o utilizan seguindo unha orde establecida (previamente definida e

colocada nun lugar visible xunto ao ordenador).

11.-ORGANIZACIÓN DO HORARIO.

Dúas premisas fundamentais: debe estar insertado dentro do horario xeral do centro que elaboraremos cada ano e dependerá do plantexamento xeral que teñamos sobre o emprego das TIC.

De todos os xeitos, cada grupo de alumnos deberá realizar, como mínimo, unha sesión semanal de clase na aula de informática.

12.-FOMENTO DOS VALORES DEMOCRÁTICOS E TRATAMENTO DA DIVERSIDADE.

Sempre dependerá do número de alumnos, do número de ordenadores existentes e do tipo de traballo ou actividade a realizar. O ideal é traballar en parellas pois isto permite acadar unha serie de aspectos importantes:

Cooperación no traballo: un traballa, o outro axuda, corrixe...

Integración: alumno máis apto xunto a outro máis lento...

Fomento da participación: o alumno sempre está activo.

Non é convite, en todo caso, crear grandes diferencias de velocidade de desenvolvemento poñendo

xuntos aos que saben manexarse ben e por outra banda aos que teñen dificultades, salvo que a

actividade así o aconselle.

Si existen parellas de diferente nivel, é boa táctica que un alumno axude a outro, sempre baixo a

supervisión do titor que, como coñecedor dos seus alumnos, é o que mellor pode facer as agrupacións.

13.-USO DA BIBLIOTECA COMO CENTRO DE RECURSOS MULTIMEDIA.

Precisamos dun traballo previo sobre o tema e ter os programas claramente preparados para que os

alumnos poidan traballar por si mesmos. Sería positivo o poder realizar traballos e portadas na aula de informática e facer as consultas específicas na biblioteca mentres se traballa con libros e enciclopedias.

14.-DETECCIÓN DE NECESIDADES FORMATIVAS DO PROFESORADO.

Plan Estratéxico de Centro: formación do profesorado.

o O Plan estratéxico levará implícita unha formación específica en TIC do profesorado desde dous plantexamentos de formación: externa e interna.

-Formación externa:(PFPP)

o 1o ano: Formación TIC en centros de recursos. O obxectivo desta formación será a adquisición das competencias básicas en TIC por parte do profesorado.

o 2o ano: formación TIC en centros de recursos (ampliación), formación técnica. O obxectivo desta formación será o afianzamento das competencias básicas en TIC por parte do profesorado.

-Formación interna: (PFPP)

o Complementaria á formación externa, mediante a organización de grupos de traballo.

Compensación de dificultades iniciais.

o A integración das TIC nun centro docente é un tema que xera resistencias desde o momento en que implica unha innovación e un cambio significativo nas tarefas diarias do profesorado aínda que suporá, a medio prazo, unha mellora profesional e institucional.

o Este cambio, coma outros, debe abordarse presupoñendo cales serán as principais dificultades e reticencias que atoparemos para intentar compensalas coas medidas organizativas e recursos necesarios que estean ao noso alcance e que pasamos a desglosar de seguido:

-Falta de información: Para compensar a falta de información realizaremos reunións informativas puntuais e trimestrais para comentar as novidades técnicas e revisar os materiais dispoñibles no Centro.

-Falta de experiencia: Para compensar a falta de experiencia prevemos colaborar cos profesores na preparación das dinámicas de clase.

-Falta de coñecementos técnicos: Para compensar a falta de coñecementos técnicos organizaremos un plan formativo seguindo as directrices especificadas anteriormente.

15.-MEDIDAS PARA DIFUNDIR O PLAN TIC.

Comunicación e presentación de proxectos que impliquen o uso das TIC no Centro.

Realización das tarefas cotiás do Centro usando as TIC: promoción do uso electrónico, publicación das actividades do centro na páxina web...

16.-PLAN DE AVALIACIÓN ANUAL.

OBXECTIVOS DA AVALIACIÓN

Coñecer a eficacia, grao de aplicación, participación, expectativas innovadoras xeradas, resultados reais dos logros acadados e dificultades detectadas ou superadas co desenvolvemento do Plan TIC

Plan de integración das TIC está contextualizado para cada nivel educativo.

Tense en conta ao alumnado con necesidades educativas especiais, de accións compensatorias e superdotados.

Todo o alumnado do centro participa do Plan sin discriminación de nivel educativo, proceso de maduración, dificultades de aprendizaxe, sexo ou calquera outro tipo de discriminación.

Anualmente concrétanse as accións prioritarias do Plan, integrándose estas na PXA do Centro sendo coherentes coas liñas marcadas nas Concrecións Curriculares e no PEC.

Contribúe á consecución dos obxectivos pedagóxicos de cada unha das áreas e ciclos así como ás adaptacións curriculares individualizadas, no seu caso.

É considerado por todos e cada un dos sectores da Comunidades Educativa como un recurso

didáctico que reforza a aprendizaxe, propicia a adquisición de novos coñecementos e facilita a

comunicación e a interculturalidade.

Na elaboración do Plan participa todo o profesorado do Centro.

Conta co apoio do Claustro e do Consello Escolar.

Está aberto á Comunidade Educativa e á localidade.

A xestión do Centro atópase informatizada.

O Plan propicia un soporte básico para a comunicación, intercambio de información e experiencias e apertura do centro a novos entornos socioculturais.

Favorece e estimula o intercambio escolar de experiencias e información con alumnado doutros centros.

Propicia actitudes e valores de respecto aos contidos e formas de ser doutras comunidades educativas promovendo a tolerancia, a non discriminación e a interculturalidade.

Fomenta no alumnado unha actitude crítica e reflexiva sobre os medios de comunicación de

acordo ao nivel madurativo.

Crearase un arquivo documental de software do mercado e un banco de datos sobre os recursos TIC do Centro.

O Plan conta cunha persoa responsable xeral da coordinación do mesmo.

O Plan conta cunha persoa responsable por cada equipo docente en primaria e ciclo en infantil da coordinación do mesmo, así como da xestión dos recursos.

Grao de satisfacción do alumnado participante.

Grao de participación e de satisfacción do profesorado implicado no Plan.

Valoración por parte da Comunidade Educativa.

MOMENTOS E REVISIÓNS

A revisión terá carácter trimestral e global a final de curso.

Revisaranse os obxectivos, os procedementos, a competencia específica, as susceptibilidades de mellora...

INSTRUMENTOS

Cuestionarios para mestres, reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Documento aprobado no Claustro do 09 de outubro de 2019.

A COORDINADORA TIC

María Paz López